



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46 · 15613 A CAPELA (A Coruña)
Teléf.: 981 45 90 06 · Fax: 981 45 93 71
C. Elec.: correo@acapela.dicoruna.es · www.concellodacapela.es

BORRADOR CERTIFICADO DA ACTA DA SESIÓN ORDINAIA CELEBRADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA VINTE E SETE DE OUTUBRO DE DOUS MIL DOCE.

ASISTENTES:

Presidente:

D. MANUEL MEIZOSO LÓPEZ

CONCELLEIROS:

DNA. MARINA BOUZA COUCE

D. JAIME BARCIA RODRIGUEZ

D. FCO. JAVIER BOUZA BERMÚDEZ

D. JOSÉ SECO FERNÁNDEZ

D. MARCOS RODRIGUEZ CALVO

D. FERNANDO VILAR DÍAZ

D. JUÁN PUENTES CALVO

SECRETARIO:

D. JOSÉ ANTONIO MEIZOSO PAZ

No Salón de Sesións desta Casa do Concello da Capela, provincia da Coruña, ás dez horas do día vinte e sete de outubro de dous mil doce, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde D. MANUEL MEIZOSO LÓPEZ, réunense os Sres. Concelleiros/a. que se relacionan na marxe asistidos do secretario da Corporación, coa finalidade de celebrar a sesión ordinaria convocada para o día de hoxe. Non asiste a Concelleira Dna. Olga María Blanco Teijeiro.

I.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA OITO DE OUTUBRO DE DOUS MIL DOCE. ACORDO QUE PROCEDA.

Aberta a sesión pola Presidencia solicítase dos Sres./Sra. Concelleiros/a. asistentes á sesión se desexan formular algún tipo de alegación ou observación á acta da sesión anterior de data oito de outubro de dous mil doce.

Non se formulando ningún tipo de alegación, o Pleno Municipal, por unanimidade dos asistentes acorda aprobar a acta da sesión anterior.

II.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DO SUBMINISTRO DOMICILIARIO DE AUGA POTABLE E DAS ACOMETIDAS Á REDE MUNICIPAL DE ABASTECIMIENTO DE AUGA. APROBACIÓN. ACORDO QUE PROCEDA.

Dase conta polo Sr. Alcalde-Presidente do informe da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno que se celebrou o día 23 de outubro dos correntes, na que por unanimidade dos grupos municipais asistentes informouse favorablemente o novo cadro de cotas tributarias da tarifa de abastecemento de auga coa enmenda formulada polo Grupo Municipal do Partido Popular no senso de gravar o primeiro tramo da cuota tributaria con 0,10 €.

De seguido toma a palabra o voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. José Seco Fernández para reiterar o xa manifestado na Comisión Informativa no sentido de que todos deben de pagar a taxa en relación ó consumo de ahí a enmenda formulada na Comisión Informativa Municipal de Asuntos do Pleno; dí que o Grupo Municipal do Partido Popular está a favor xa que realmente a taxa abarátase para os veciños.

Polo voceiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Marcos Rodríguez Calvo, dise que a modificación da taxa supón unha rebaixa importante tanto na couta fixa como no consumo polo que reitera o xa manifestado na Comisión Informativa de Asuntos do Pleno no senso de que o seu grupo votará a favor da aprobación da modificación da ordenanza fiscal.

O voceiro do Grupo Mixto-BNG, D. Juan Puentes Calvo, dí que o que hai e que potenciar o consumo e primeiro tramo debería de estar exento do pago, a baixada das tarifas non é suficiente para facer atractivo que os veciños disfruten deste servizo.

Polo Sr. Alcalde-Presidente dise que a modificación da ordenanza fiscal supón unha baixada importante para os usuarios do servizo de abastecemento de auga que cifra entre un 30 e un 40% con respecto a actual tarifa.

De novo toma a palabra o voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. José Seco Fernández, para sinalar a contradición da postura do voceiro do Grupo Mixto-BNG no sentido de que cando o Partido Popular presentou unha alegación á aprobación das tarifas da auga, o BNG votou en contra agora que realmente se baixa a auga mostrase en contra da baixada. Explica asimesmo que a enmenda do Grupo Municipal do Partido Popular foi no senso de que todo o mundo debe de pagar polo que consume, xa que é de xustiza que todos os usuarios contribúan.

Remata o debate o concelleiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Fernando Vilar Díaz, sinalando que realmente o recibo vai a baixar e pon sobre a mesa exemplos concretos de recibos que supón unha rebaixa de 30 €, con respecto a actual ordenanza fiscal.

Sometido o asunto a votación o Pleno da Corporación por maioría de votos (7 votos a favor da aprobación dos Sres./Sra. Concelleiros/a. dos Grupos Municipais do PSdeG-PSOE, PP e AIAC; e un voto en contra do Sr. Concelleiro do Grupo Mixto-BNG) adopta o seguinte acordo:

1º Aprobar provisionalmente a modificación do "Artigo 6: Cota tributaria" da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo do subministro domiciliario de auga potable e das acometidas á rede municipal de abastecemento de auga, que quedaría redactado do seguinte xeito:

Artigo 6. Cota tributaria

1. A cota tributaria é a contida nas tarifas seguintes:

A) USOS DOMÉSTICOS:

Cota fixa mensual: 20,00 €/abonado/trimestre

Consumo

Ata 18 m³/trimestre: 0,10 €/m³

De 18 a 36 m³/trimestre: 0,30 €/m³

De 36 a 72 m³/trimestre: 0,40 €/m³

Máis de 72 m³/trimestre: 0,50 €/m³

B) USOS COMERCIAIS, INDUSTRIAIS, AGRÍCOLAS, GANDEIROS E OBRAS

Cota fixa mensual: 24,00 €/abonado/trimestre

Consumo

Ata 18 m³/trimestre: 0,10 €/m³

De 18 a 36 m³/trimestre: 0,30 €/m³

De 36 a 72 m³/trimestre: 0,40 €/m³

Máis de 72 m³/trimestre: 0,50 €/m³

C) CONSERVACIÓN DE ACOMETIDAS E CONTADORES

De acometidas: 1,50 €/abonado/trimestre

De contadores: 1,50 €/abonado/trimestre

D) OBRAS DE ACOMETIDA Á REDE MUNICIPAL DE ABASTECIMIENTO DE AUGA

DIAMETRO DA ACOMETIDA	1"	1 1/4"	1 1/2"	2"
IMPORTE ATA 6,50 METROS	432,80 €	467,60 €	499,40 €	563,80 €
IMPORTE METRO SUPLEMENTARIO	58,40 €	58,60 €	59,05 €	59,90 €

E) FORMALIZACIÓN DE PÓLIZA POR CONEXIÓN Á REDE E INSTALACIÓN DE CONTADOR: 30,00 € MÁIS O VALOR DO CONTADOR.

Aos importes sinalados no presente artigo deberáselles engadir o IVE correspondente.

2º Expoñelo ao público no BOP e no taboleiro de anuncios do concello polo prazo de trinta días naturais, aos efectos de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

3º Someter á autorización da Comisión de Prezos de Galicia, a modificación da ordenanza de referencia, de acordo co previsto no RDL 7/1996, do 7 de xuño.

4º No caso de que non se presenten reclamacións, entenderase adoptado definitivamente o acordo ata entón provisional, debendo publicarse o texto íntegro da ordenanza modificada no BOP.

III.- MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL Nº 8, REGULADORA DA TAXA POR UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS E MUNICIPAIS E ESCOLAS DEPORTIVAS. APROBACIÓN. ACORDO QUE PROCEDA.

Dase conta polo Sr. Alcalde-Presidente do acordo da Comisión Informativa Municipal de Asuntos do Pleno respecto a modificación da Ordenanza Fiscal que regula as instalacións e escolas deportivas, sinala que coa modificación do IVE as escolas deportivas pasan a tributar o 21% e que a Deputación practicamente deixou de financiar estes servizos, polo tanto as modificacións que se fan sobre a ordenanza son mínimas incluíndose un bono familiar para o ximnasio, así como o uso das instalacións do campo de fútbol.

Toma a palabra o voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. José Seco Fernández, para reiterar o xa manifestado na Comisión no senso de que para

fomentar o deporte as taxas parecenlle caras aínda que tamán dí ser consciente de que hai pouco dónde rascar ou quitar, o problema ven de lonxe, cando se decidiu espallalas instalacións deportivas por todo o concello e non centralizalas o que suporía un menor custo, anuncia a abstención do seu grupo.

Polo voceiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Marcos Rodríguez Calvo, dise que con respecto a ordenanza fiscal observase unha pequena rebaixa pero que habería que buscar paralelamente un xeito de promocionar as instalacións deportivas.

Polo voceiro do Grupo Mixto-BNG, D. Juan Puentes Calvo, dise que os gastos das instalacións son os que son e o problema ven dado porque a xente que ten A Capela para uso das instalacións é a que é, e para as actividades das escolas costa moito xuntar xente para facer grupos.

Sometido o asunto a votación o Pleno da Corporación por maioría de votos (7 votos a favor dos Sres./a. Concelleiros/a. dos Grupos Municipais do PSdeG-PSOE, AIAC e Mixto-BNG e unha abstención do Sr. Concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular) adopta o seguinte acordo:

1º Aprobar provisionalmente a modificación do "Artigo 5: Cota tributaria" da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola utilización das instalacións deportivas municipais e escolas deportivas, que quedaría redactado do seguinte xeito:

Artigo 5.- Cota tributaria.

As tarifas que se aplicarán pola prestación deste servizo serán as seguintes:

5.1. UTILIZACIÓN DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO MUNICIPAL

5.1.1. Deportes colectivos.....	8 €/hora
5.1.2. Deportes individuais.....	3 €/hora
5.1.3. Torneos, competicións e análogos...	3 €/hora
5.1.4. Utilización das duchas.....	3 €/hora

5.2. ESCOLAS DEPORTIVAS

5.2.1. Tempada completa escolas deportivas (cada actividade)...	100 €/hora
5.2.2. Taxa mensual escolas deportivas.....	15 €/mes

5.3. UTILIZACIÓN DA PISCINA MUNICIPAL

5.3.1. Entrada diaria piscina municipal.....	2 Euros
5.3.2. Bono mensual individual..(piscina, ximnasio e sauna)..	30 €/mes
5.3.3. Bono mensual familiar..(piscina, ximnasio e sauna).....	50 €/mes
5.3.4. Taxa de inscrición nas actividades.....	50 €/mes

5.4. UTILIZACIÓN DO XIMNASIO MUNICIPAL

5.4.1. Taxa utilización ximnasio.....(inclúe sauna).....	3 €/hora
5.4.2. Bono mensual individual.....(inclúe sauna).....	20 €/mes
5.4.3. Bono mensual familiar.....(inclúe sauna).....	30 €/mes

5.5. UTILIZACIÓN DA SAUNA

5.5.1. Taxa utilización da sauna.....	3 €/hora
5.5.2. Bono 10 sesións de 1 hora cada sesión.....	25 €/hora

5.6. UTILIZACIÓN DO CAMPO DE FÚTBOL

5.6.1. Taxa de uso para fútbol 7....(con duchas).....	30 €/hora
5.6.2. Taxa de uso para fútbol 11..(con duchas).....	50 €/partido

2º Expoñelo ao público no BOP e no Taboleiro de anuncios do concello polo prazo de trinta días naturais, aos efectos de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

3º No caso de que non se presenten reclamacións, entenderase adoptado definitivamente o acordo ata entón provisional, debendo publicarse o texto íntegro da ordenanza modificada no BOP.

IV.- DECRETOS E RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA. DAR CONTA.

Dase conta dos decretos e resolucións da Alcaldía dende o día dezoito de agosto de dous mil doce ata o día dezaseis de outubro de dous mil doce.

AGOSTO:

- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 18.08.2012, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 18.08.2012, aprobación facturas-pago
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 19.08.2012, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 19.08.2012, aprobación facturas-pago.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 20.08.2012, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 20.08.2012, aprobación facturas-pago.

- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 22.08.2012, aprobación facturas-pago.
- **RÉXIME INTERIOR:** Resolución da Alcaldía de data 23.08.2012, resolución calendario laboral 2013, 5 de agosto e 16 de agosto 2013.
- **FESTEXOS:** Resolución da Alcaldía de data 24.08.2012, autorización a Marina Bouza Couce, en representación da Comisión da Festa do Requeixo 2012, para lanzamento de fogos de artificio.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 24.08.2012, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 24.08.2012, aprobación facturas-pago.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 27.08.2012, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 27.08.2012, aprobación facturas-pago.
- **SUBVENCIONS:** Resolución da Alcaldía de data 29.08.2012, solicitude de subvención para "Obradoiro de Emprego Eume 2012-2013".
- **PADRONS FISCAIS:** Resolución da Alcaldía de data 30.08.2012, exposición do 3º trimestre do Padrón Fiscal do RSU.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 31.08.2012, aprobación facturas-pago.

SETEMBRO:

- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 03.09.2012, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 03.09.2012, aprobación facturas-pago.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 04.09.2012, aprobación facturas-pago.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 05.09.2012, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 05.09.2012, aprobación facturas-pago.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 06.09.2012, aprobación facturas-pago.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 07.09.2012, aprobación facturas-pago.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 10.09.2012, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 10.09.2012, aprobación facturas-pago.
- **PERSOAL:** Resolución da Alcaldía de data 13.09.2012, desempeño das tarefas de Secretario-Interventor Accidental polo funcionario Jesús Franco Rodríguez, por vacacións do titular.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 17.09.2012, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 17.09.2012, aprobación facturas-pago.
- **PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES:** Resolución da Alcaldía de data 17.09.2012, baixa no Padrón Municipal de Habitantes de Sandra González Jaramillo, Iago Yeraí González González, Angela Juliana González Jaramillo.
- **SUBVENCIONS:** Resolución da Alcaldía de data 17.09.2012, sobre solicitude presentada para o proxecto Programa de Emprego Xunta-Deputación Provincial da Coruña 2012.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 19.09.2012, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 19.09.2012, aprobación facturas-pago.
- **PERSOAL:** Resolución da Alcaldía de data 19.09.2012, concesión de vacacións a Bibliotecaria Municipal Dna. María Isabel Franco Rodríguez do 24.09.2012 ata o día 8.10.2012.
- **PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES:** Resolución da Alcaldía de data 20.09.2012, baixa no Padrón Municipal de Habitantes de D. Juan Carlos Meizoso Loureiro.
- **PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES:** Resolución da Alcaldía de data 20.09.2012, baixa no Padrón Municipal de Habitantes de Dna. Rocío Pico Álvarez.

- **PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES:** Resolución da Alcaldía de data 20.09.2012, baixa no Padrón Municipal de Habitantes de Dna. María Carmen Freire Rodríguez e D. Héctor Fernández Freire.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 21.09.2012, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 21.09.2012, aprobación facturas-pago.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 24.09.2012, aprobación gasto.
- **LICENZAS URBANÍSTICAS:** Resolución da Alcaldía de data 24.09.2012, concesión licenza urbanística a D. Juan Pérez Caaveiro para "Construcción de cerramento de parcela e pavimentación exterior", no lugar de Cenzo-Caaveiro.
- **LICENZAS URBANÍSTICAS:** Resolución da Alcaldía de data 24.09.2012, concesión licenza urbanística a D. Pedro Permuy López, para obras de "Conservación e mantemento: Cubrición da cuberta dunha edificación existente e recintado de fachadas e cambio carpintería exterior", no lugar de Os Paces, 4.
- **LICENZAS URBANÍSTICAS:** Resolución da Alcaldía de data 24.09.2012, concesión de licenza urbanística a D. José Gabeiras Pena para levar a cabo obras de "Conservación e mantemento dunha vivenda unifamiliar existente", no lugar de Mourente, 1.
- **LICENZAS URBANÍSTICAS:** Resolución da Alcaldía de data 24.09.2012, concesión de licenza urbanística a D. José Pico Sardiña para levar a cabo obras de "Colocación de tella sobre uralita en adega existente", no lugar de A Teixeira, 1.
- **PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES:** Resolución da Alcaldía de data 24.09.2012, baixa no Padrón Municipal de Habitantes de D. John Jairo Sarmiento Cardona.
- **LICENZAS URBANÍSTICAS:** Resolución da Alcaldía de data 24.09.2012, concesión licenza urbanística a Dna. María Carmen Sardiña Piñeiro para obras de "Conservación e mantemento: Cambio carpintería exterior, no lugar de As Neves, 23.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 25.09.2012, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 25.09.2012, aprobación facturas-pago.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 26.09.2012, aprobación facturas-pago.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 27.09.2012, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 27.09.2012, aprobación facturas-pago.
- **LICENZAS URBANÍSTICAS:** Resolución da Alcaldía de data 27.09.2012, concesión licenzas urbanística a Dna. Nieves Meizoso Rodríguez para "Ampliación de Vivenda Unifamiliar", no lugar de A Graña-Caaveiro.
- **LICENZAS URBANÍSTICAS:** Resolución da Alcaldía de data 27.09.2012, concesión de licenza urbanística a Dna. Nieves Meizoso Rodríguez, para "Demoliación de nave gandeira, garaxe e alpendre", no lugar de A Graña-Caaveiro.
- **LICENZAS URBANÍSTICAS:** Resolución da Alcaldía de data 28.09.2012, concesión de licenza urbanística a Dna. María Gómez Díaz, en representación de Gandeiría O Prado, S.C., para "Ampliación de nave gandeira e ampliación de silo", no lugar de As Neves.
- **PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES:** Resolución da Alcaldía de data 28.09.2012, cambio de enderezo de Dna. Laura Calvo Vilar e Luis Gustavo Vázquez e Sandra Vázquez Calvo, de Buiña 11 a Buiña 15, Cabalar.
- **PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES:** Resolución da Alcaldía de data 28.09.2012, alta no Padrón Municipal de Habitantes de María del Carmen Rúa Sanmartín, no lugar de Martín, 5, Cabalar.

OUTUBRO:

- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 01.10.2012, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 01.10.2012, aprobación facturas-pago.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 04.10.2012, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 04.10.2012, aprobación facturas-pago.
- **PADRÓS FISCAIS:** Resolución da Alcaldía de data 04.10.12, aprobación padrón fiscal do servizo municipal de abastecemento de auga potable correspondente ao 3º trimestre 2012.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 08.10.2012, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 09.10.2012, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 09.10.2012, aprobación facturas-pago.
- **URBANISMO:** Resolución da Alcaldía de data 10.10.2012, aprobación solicitude acometida de auga presentada por D. José Antonio Vilariño Salgado.
- **PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES:** Resolución da Alcaldía de data 11.10.2012, alta no Padrón Municipal de Habitantes de D. Oscar Bouza Meizoso, O Cadaval, 6, Cabalar.
- **PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES:** Resolución da Alcaldía de data 11.10.2012, alta no Padrón Municipal de Habitantes de Elma María Piñón Piñeiro, no lugar de O Cadaval, 6 - Cabalar.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 15.10.2012, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 15.10.2012, aprobación facturas-pago.
- **PERSOAL:** Resolución da Alcaldía de data 16.10.2012, concesión de dous días por asuntos propios a Secretario do Xulgado de Paz, Dna. María Celia Couce Moreira.

O Pleno queda enterado

V.- MOCIÓN PRESENTADAS POLOS GRUPOS MUNICIPAIS

Polo Sr. Alcalde-Presidente dise que non hai mocións para debatir neste pleno.

Toma a palabra o voceiro do Grupo Mixto-BNG, D. Juan Puentes Calvo, decindo que él ten presentada unha moción en rexistro de entrada con corenta e oito horas de antelación á celebración do Pleno e preguntalle o Secretario sobre a legalidade de non debaterse a súa moción.

Polo secretario dise que na orde da convocatoria non figura a moción que se presentou despois de que se notificara a convocatoria do pleno, polo tanto é competencia do Alcalde se desexa declarar a urxencia da moción para o seu posterior debate.

Polo Alcalde sinalase que a moción debatirase no vindeiro pleno ordinario.

VI.- ROGOS E PREGUNTAS

ROGOS

Faise constar o rogo presentado a petición do voceiro do Partido Popular, D. José Seco Fernández con número de rexistro de entrada 917, e que de seguido se relaciona:

- Parte dos contenedores, tanto de vidro, lixo ou plásticos, atópanse situados dun xeito que entorpece en moitas ocasións o tránsito propio de arrastre dos plubiales. ROGAMOS, se revise e limpe donde proceda.

Polo Sr. Alcalde-Presidente respóndase que se atenderá o rogo.

Dase conta dos rogos presentados polo voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, que de seguido se relacionan:

- Nos anteriores exercicios o Concello subvencionaba o funcionamento da escola de música cunha contía de aproximadamente de 10.000 €. Segundo a súa información a empresa que imparte as clases vai realizar este traballo cos ingresos que percibe por parte do alumnado, polo mesmo, o Concello aforra unha contía importante de diñeiro. Nós, pedimos que unha parte deste aforro, repercuta nos alumnos deste Concello e se lles bonifique unha porcentaxe (25%) do custo das clases para motivar a asistencia a dita actividade.
- Escola de Guitiriz. Xa non cabe comentario algún, é unha vergoña, rogo que rematen as obras de xeito inmediato.
- Fonte da Virxe. O grupo político AIC mencionou moitas veces o estado lamentable das instalacións municipais ubicadas neste punto. Nós, sumámonos a esta reivindicación e rogámoslle que realice as melloras pertinentes.

Polo Sr. Alcalde-Presidente respóndase que se atenderán os rogos.

PREGUNTAS

Por D.Marcos Rodríguez Calvo e Fernando Vilar Díaz, como membros do Grupo Municipal de AIAC neste Concello solicitan que se informe, no pleno das seguintes cuestións:

- 1.- En días pasados, sucedéronse unha serie de roubos en varias casas da Capela. Tomou o equipo de goberno algunha medida para reforzar a vixilancia no municipio?

Polo Sr. Alcalde-Presidente respóndese que se falou coa Subdelegación do Goberno e coa Garda Civil de As Pontes, pero que non teñen xente para reforzar a vixilancia neste Concello.

2.- Sábese algo dos 40.000 euros do PEIM que iba recibir o Concello?

Resposta o Sr. Alcalde-Presidente que a empresa empezou os traballos a primeiros desta semana.

3.- No tramo da carretera vella das Neves á altura de Vilasuso, seguen tirando escombros. Fixo o equipo de goberno algunha xestión ó respecto?

Resposta o Sr. Alcalde-Presidente que ese tramo de carretera é da Xunta de Galicia e o que pode facer o Concello e de feito fai e de vez en cando mandar recoller os voluminosos.

4.- Xa se remataron as labores de roza dos camiños públicos?

Resposta o Sr. Alcalde-Presidente que practicamente estas tarefas están rematadas.

5.- Nestes momentos, qué cantidade existe na partida de gastos correntes?

Resposta o Sr. Alcalde-Presidente que para rematar o ano en todo o capítulo II de gastos correntes e de servizos o Concello dispón de 99.700 € para rematar o ano.

6.- En qué consiste o proxecto do Portal das Fragas do Eume do que o Concello vai recibir unha subvención de 70.909,12 euros?

Resposta o Sr. Alcalde-Presidente que a memoria que ten redactada o Concello ascende a 114.000 € aproximadamente, dos cales AGADER ten confirmada unha subvención de 70.900 €, nestes intreos fanse xestións coa Deputación para tentar de que subvencione os restantes 43.000 €.

7.- Na xunta de voceiros do día 8 de setembro de 2011, xa fai máis dun ano, falouse de que este Concello iba mancomunar un Punto Limpo con outros concellos da comarca. Logrouse facer ese Punto Limpo?

Resposta o Sr. Alcalde-Presidente que efectivamente falouse no seu momento co Alcalde de Cabanas para que o Concello da Capela formara parte deste servizo de Punto Limpo, pero ata o de agora non se volveron a ter novas deste

asunto, no obstante o Concello segue interesado en integrarse nese futuro Punto Limpo.

8.- No pleno ordinario do mes de decembro do ano pasado, presentamos un rogo ó equipo de goberno para que adaptara as aceras existentes no municipio para as persoas con mobilidade reducida. Cando ten previsto facelo o equipo de goberno?

Resposta o Sr. Alcalde-Presidente que enviouse unha memoria a Deputación para executar obras de accesibilidade nas beirasrrúas do Concello pero ata o de agora non se sabe nada máis, estase a espera de que a Deputación confirme os traballadores.

9.- Cando se lles vai enviar a todos os veciños información sobre a normativa actual no tema das plantacións.

Resposta o Sr. Alcalde-Presidente que o arquitecto municipal está elaborando un informe gráfico pero de momento non está feito aínda.

Polo voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. José Seco Fernández formulanse as seguintes preguntas:

- Recientemente cambiouse a prestación do servizo de mantemento eléctrico por jubilación da persoas que tiña dita concesión. Según información nunha Xunta de Voceiros, durante esta etapa que queda ata 31 de decembro de 2012, este servizo o prestará outra empresa.
- ¿Cumpre con todas as normativas, como exemplo: UNE-UN 280?
- ¿Sairá a concurso o mantemento para os próximos exercicios?

Resposta o Sr. Alcalde-Presidente que a empresa que está prestando o servizo reúne todos os requisitos e para o ano que ven sacarse a contratación o servizo de mantemento do alumeado público.

- Por acordo plenario acordouse non recibir retribucións por asistencia a pleno, quedando como única retribución as dietas por desplazamento.
- ¿Cambiou algo este acordo?

Resposta o Sr. Alcalde-Presidente que de momento non houbo ningún acordo plenario novo sobre a modificación das dietas por asistencias a órganos corporativos.

- ¿Podería, o Sr. Alcalde, referirse pormenorizadamente os asuntos que afectan a distancia de lindes, ben a casas ou fincas, de árbores?

Resposta o Sr. Alcalde-Presidente que na Lei de Montes están perfectamente limitadas as distancias reitera que cando o arquitecto municipal teña listo o seu informe gráfico remitirase a tódolos veciños e veciñas do Concello.

- ¿Podería informar, o equipo de goberno, sobre a reunión do Consello Escolar?

Resposta a Sra. Concelleira de Cultura que entre outras cousas trataronse os seguintes asuntos:

- Imposibilidade de facerse cargo o Colexio das viaxes dos alumnos.
- Queixas con respecto a escasez de comida.
- Pregunta sobre se o Concello iba a dispoñer dunha nova persoa para o mantemento das instalacións eléctricas.
- Comunicación das novas persoas que iban a entrar para facer turnos de garda no comedor.

Formula "in voce" o voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. José Seco Fernández a seguinte pregunta, como está o tema da luz na Escola de Música?

Resposta o Sr. Alcalde-Presidente que cortouse a luz sen avisar e a idea da empresa e poñer un contador para que o Concello pague o consumo, de todas maneiras estas non son formas xa que a empresa tería que avisar por escrito con antelación, ademáis o Concello dispón dun documento de cesión no que en principio o Concello non tería que pagar ningún tipo de gastos.

Polo voceiro do Grupo Mixto-BNG, D. Juan Puentes Calvo formulanse as seguintes preguntas:

- ✓ Recórdolle brevemente, que están pendentes varios asuntos moi importantes para todos os veciños deste concello e que deben de ser informados dos mesmos:
- PXOM
- Parque das Fragas do Eume.
- Lei de Protección de Incendios.
- Normativa de Participación Cidadá.

- Un informe do Secretario Municipal referente á todas as mocións aprobadas por este pleno, os trámites realizados sobre as mesmas, e o estado de execución.
- Local para os grupos políticos.

Nós, xa levamos estes asuntos ó Pleno de xeito reiterado e a pesar das boras respostas e promesas da Alcaldía para o seu cumprimento, a realidade é moi tozuda e nestes momentos, transcorridos varios meses, non recibimos información de ningún tipo nin se temos coñecemento de que se realizara ningunha xestión no que respecta a estes asuntos. Ten pensado seguir na mesma dinámica ou abordar estes asuntos pendentes? De ser así, cando?

Respostase polo Sr. Alcalde-Presidente que moitos destes asuntos xa ten coñecemento o voceiro do Grupo Mixto-BNG, xa que son tratados na Xunta de Voceiros, con respecto o PXOM xa hai un informe de avaliación ambiental e un documento de aprobación inical listo. Con respecto o tema das Fragas esta Alcaldía está agardando a que os veciños que foron convocados días despois do incendio das Fragas se reúnan co Alcalde para elaborar un documento conxunto de propostas; con respecto o asunto das distancias de seguridade para o lume xa se dixo que se está a espera de que o arquitecto municipal faga un informe gráfico para remitir ós veciños.

- ✓ A canto ascenderon os gastos da Festa do Requeixo das anualidades 2011 e 2012? A canto ascenden as subvencións percibidas e que as concedeu?

Resposta o Sr. Alcalde-Presidente que os gastos da Festa do Requeixo por anualidades dende o exercicio 2008 ascenderon as seguintes cantidades:

- 2008: 31.338 €
- 2009: 32.851 €
- 2010: 43.302 €
- 2011: 28.634 €
- 2012: 20.660 €

- ✓ Que diñeiro ten dispoñible o Concello neste momento na partida de gastos correntes?

Resposta o Sr. Alcalde-Presidente que o Concello ten dispoñible a cantidade de 99.700 € ata fin de exercicio.

- ✓ Escola de Guitiriz. Ten pensado, o equipo de goberno, darlle o uso que se indica no proxecto de execución de obra? Como informou o anterior Concelleiro de Cultura a este Pleno, en resposta a unha pregunta do BNG?

Resposta o Sr. Alcalde-Presidente que primeiro hai que rematala e despois o equipo de Goberno traerá unha proposta o pleno para consensuar cos grupos políticos, de momento non hai ningún plan.


- ✓ A vostede parécelle que unha oficina de atención ó público, onde ubicaron recentemente a unha funcionaria deste Concello, reúne as condicións axeitadas?

Resposta o Sr. Alcalde-Presidente que a funcionaria en cuestión falou coa Alcaldía para poñer de manifesto as dificultades que tiña para desenrolar o seu traballo nunha oficina aberta ó público, polo que se lle ofreceu a única oficina dispoñible estando a mesma de acordo e conforme.

E xa que non hai máis asuntos sobre os cales deliberar o Sr. Alcalde finaliza a sesión sendo as once horas e vinte minutos, de todo o cal eu, Secretario dou fé, todo elo coas reservas do artigo 206 do ROF.

O alcalde-presidente,

Manuel Meizoso López



O secretario,

José Antonio Meizoso Paz

